

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CUALEDRO
Edificio	Igrexa de San Bartolomeu de Baldriz
Dirección	Lugar de Baldriz, s/n. 32680
	42.03159234693861 -7.528178678288842
Protección	
Descrición	<p>Templo parroquial de nave única construído no século XVIII que, historicamente, estivo vinculado co Priorado de Atás. A orixe do topónimo está, segundo E. Bascuas, nun nome de orixe xermánica: Vila Balderici.</p> <p>A igrexa presenta un presbiterio elevado e muros de cantaría perfectamente labrados e escuadrados. A fachada está rematada en altura por unha espadana de dúas campás flanqueada por pináculos. Está situada no centro do núcleo, á beira da rúa principal. A fachada flanqueada por dúas pilastras de sección cadrada rematadas en pináculos moi estilizados, cunha porta baixo lintel e reloxos modernos. A espadana é de dous corpos, o primeiro de dous vans, e o segundo dun único oco. Remata en altura o conxunto unha cruz latina de pedra sobre unha pequena peaña, franqueada por dous pinchos. O altar ten unha fiestra rectangular que lle dá luz á traseira.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	HOMEDAPEDRA LOZANO RÚA, José Luís / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	01-05-2026

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor	ANÓNIMO (GALICIA)	1804	41	40
Espadana	Maior	ANÓNIMO (GALICIA)	1892	45.5	55

Información completa: [Igrexa de San Bartolomeu de Baldriz - CUALEDRO \(GALICIA\)](#)